



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Secretaría

Acordo plenario de cesión gratuita de parcela de titularidade municipal para a construción de vivendas de promoción pública

O Concello Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e seis de xuño de dous mil vinte e cinco, adoptou entre outros, o acordo seguinte:

“Primeiro.- Aprobado inicialmente a cesión gratuita da titularidade da seguinte parcela:

“Parcela, cunha Superficie de 3.955 metros cadrados, denominada P4 e P5 do proxecto de equidistribución polo sistema de concerto do solo urbanizable do Sector R-1 de Santa Rita do PPXOM de Narón, situada na zona leste deste sector no municipio de Narón. A devandita parcela, a pesares de que no Catastro figuran como dúas parcelas independentes, foi agrupada polo Concello de Narón en escritura autorizada ante Notario de data 5 de marzo de 2008, e así consta no Rexistro da Propiedade desta localidade como Finca 58318, inscrita ao folio 65 do tomo 2780, libro 746, inscrición/anotación 1.”

á SOCIEDADE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA S.A. (CIF: A-75491647), de acordo coa descrición recollida no informe emitido polo xefe dos servizos técnicos municipais que se adxunta a esta proposta, coa finalidade de edificar vivenda de promoción pública;

manifestando a observancia do disposto nos artigos 109 e 110 do Regulamento de Bens das entidades locais, e estimando debidamente xustificado polo citado organismo que o fin perseguido – construción de vivenda de promoción pública – redunda de maneira evidente e positiva no beneficio dos habitantes deste municipio, debendo axustarse o cumprimento do fin previsto sinalado ao prazo máximo establecido no artigo 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Segundo.- Someter o expediente do que trae causa este acordo, en virtude da previsión contida no artigo 110.f) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, a un trámite de información pública durante un prazo de 15 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de edictos municipal, para o seu exame e eventual formulación de alegacións. Caso de non formularse alegacións en forma e prazo, o acordo de aprobación inicial entenderase elevado a definitivo, sen necesidade de acadar un novo acordo plenario.

Terceiro.- Comunicar este acordo á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A. e ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, para a súa constancia, coñecemento e efectos. Así mesmo maniféstase o interese do Concello na cesión gratuita da totalidade dos locais comerciais que, de selo caso, se constrúan na devandita promoción pública.

Cuarto.- Comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade de Narón e á Xerencia Territorial do Catastro en A Coruña, aos efectos que procedan.

Quinto.- Iniciar os trámites a fin de proceder á bonificación do 95% sobre a cota tributaria do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co artigo 103.2, letra a) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”

Narón, 26 de xuño de 2025

A Alcaldesa

Marián Ferreiro Díaz.

2025/4311